



Recomendación dirixida á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que se estuden todas as vías que poidan evitar calquera carga económica derivada do cambio dos contratos de transporte escolar para os usuarios con dereito á gratuidade e que non se imponha de maneira xeral unha modalidade de uso e acceso, a tarxeta Xente Nova, que implica cargas financeiras para familias vulnerables ou en risco de exclusión

Expediente: D.3.Q/9089/21

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D^a xxxxx, representante da ANPA Caramcheiro do IES N^o1 de Ribeira.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indicaba que o pasado 17 de setembro do 2021, a ANPA Caramcheiro do IES N^o1 de Ribeira, enviou un escrito pola vulneración do dereito do alumnado da ESO ao transporte escolar de balde e o desamparo ás familias en exclusión social e rendas baixas para facer uso do transporte escolar para acudir ao centro educativo IES N^o1 de Ribeira, solicitando unha fórmula entre a Consellería de Mobilidade, a Consellería de Educación e o Concello de Ribeira que permitira facer uso do transporte público a estes colectivos sen vulnerar os seus dereitos e poder así acudir con normalidade ao seu centro educativo.

Solicitaba que se estudase a situación dos alumnos destas familias vulnerables.

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que xa nola remitiu. Coa información aportada sobre a situación dos alumnos do IES n^o1 de Ribeira, sinálase que se trata de alumnado que viña sendo transportado ao centro educativo dentro da anterior concesión, mediante a denominada modalidade C, a través da cal a Consellería de Cultura, Educación e Universidade facía reserva de praza para escolares en liñas regulares.

Nesta modalidade C, o alumnado usuario lexítimo do transporte escolar, e xa que logo, con dereito á gratuidade, contaba con reserva de praza no autobús de liña regular sen ter que facer desembolso ningún ou adiantar os cartos das viaxes na recarga dunha tarxeta.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade indica que, na actualidade, o alumnado segue a ser transportado en liñas regulares e conta coa posibilidade de acceder ao autobús de xeito gratuíto mediante o emprego da tarxeta Xente Nova.

O informe lembra que a tarxeta Xente Nova permite ás persoas titulares menores de 21 anos realizar cada mes ata 60 viaxes interurbanas gratuítas en toda Galicia. Para viaxar con ela, cómpre ter saldo dabondo, polo que inicialmente se debe cargar o saldo das viaxes que se vaian realizar. Posteriormente, a Xunta de Galicia reintegrará na tarxeta o total do importe aboado, para o cal basta con introducir a tarxeta en calquera caixeiro da entidade colaboradora Abanca e aceptar a recarga. A posta a disposición desta bonificación realízase cunha periodicidade quincenal, o cal minimiza o diñeiro que é preciso adiantar por parte das familias.

Aclara o informe que a bonificación do 100% do prezo dos billetes para as persoas titulares da tarxeta Xente Nova se aplica ás viaxes interurbanas no transporte público que depende da Xunta de Galicia calquera que sexa a súa orixe e destino, así como nos barcos do transporte regular de pasaxeiros da ría de Vigo e no tren metropolitano de Ferrol.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Malia que o transporte para este alumnado segue a ser gratuíto, a implantación da tarxeta Xente Nova introduce, para determinados usuarios do transporte escolar como no caso desta queixa, unha carga financeira adicional xa que teñen que adiantar os cartos das viaxes correspondentes a unha quincena, cargando as súas tarxetas co saldo preciso para seren admitidos ao transporte, aínda que a Xunta de Galicia reintegra na tarxeta o total do importe aboado, para o cal basta con introducir a tarxeta en calquera caixeiro da entidade colaboradora Abanca e aceptar a recarga. A posta a disposición desta bonificación realízase cunha periodicidade quincenal. A consellería entende que este reembolso quincenal minimiza o diñeiro que é preciso adiantar por parte das familias.

Sen embargo, este mecanismo presupón unha dispoñibilidade financeira que non se da en todas as familias e que pode representar unha carga económica inasumible en función do

número de fillos, o que discrimina ás familias máis vulnerables e mesmo precisadas dunha especial consideración como son as familias numerosas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a seguinte **recomendación**:

Que por parte das administracións con competencia en materia de transporte escolar, se estuden todas as vías que poidan evitar calquera carga económica derivada do cambio dos contratos de transporte escolar para os usuarios con dereito á gratuidade e que non se impoña de xeito xeral unha modalidade de uso e acceso, a tarxeta Xente Nova, que implica cargas financeiras para familias vulnerables ou en risco de exclusión.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo